



IESCHA

27800 VILALBA (LUGO)

<http://estudoschairegos-wix.com/iescha>


[estudoschairegos@gmail.com](mailto:estudoschairegos@gmail.com)

Casa da Cultura - Praza de Suso Gayoso, 1 -

# PRESENTACIÓN DO LIBRO DÍAZ CASTRO, POETA EN FORMACIÓN (1914-1990)

## EMILIO XOSÉ ÍNSUA LÓPEZ

### VENRES, 25 DE MAIO DE 2018 - 20:30 horas



O Instituto de Estudos Chairegos organiza o vindeiro venres, 25 de maio, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, o acto de presentación do libro de Emilio Xosé Ínsua López “Díaz Castro: poeta en formación (1914-1990)”, editado por Laiovento. Intervirán Emilio Xosé Ínsua López, Manuel Castro Santamariña e Marisa Barreiro Mejuto. Colabora o Concello de Vilalba.

*(...) Xosé María Díaz Castro amosou os seus primeiros poemas en galego en El Progreso Villalbés. No tempo previo á Guerra do 36 escribiu dous cadernos de versos que ficaron inéditos. Chamado a filas polo bando nacional, pasou a maior parte do conflito nos servizos sanitarios. En 1939 reingresou no Seminario. O profesor Emilio Xosé Ínsua (Viveiro, 1967), que na actualidade exerce nun instituto en Vilagarcía de Arousa, relata no seu libro a época e as influencias que conformaron a poesía de Díaz Castro, e revela o seu forte conservadurismo católico. O poeta de Penélope, emblemática composición de posguerra, morreu en Lugo en 1990. En 2014, a Real Academia Galega dedicoulle o Día das Letras. (sermosgaliza.org)*

*Sobre a figura do poeta Xosé M<sup>a</sup> Díaz Castro (1914-1990), celebrada con todo dereito no Día Das Letras Galegas de 2014, cumpría explicar de xeito máis apurado e contrastivo algúns instantes e perfís correspondentes ao seu período de formación que o converten nun caso ben máis problemático, “incómodo” e singular do que deixaron consagradas a maioría das aproximacións bibliográficas que suscitou con motivo da citada efeméride. A índole das súas primeiras producións poéticas e colaboracións públicas na etapa xuvenil revelan un Xosé M<sup>a</sup> Díaz Castro identificado de cheo cunha ideoloxía politicamente reaccionaria, neoescolástica e nacional-católica da que se enchoupa nas aulas do Seminario de Mondoñedo e no seu propio medio social e familiar. A súa militancia contra a República e*

*contra os valores progresistas transloce no tipo de publicacións coas que colabora antes do 36 e no contido, explícito moitas veces, dos versos feitos neses anos, tanto éditos como inéditos. A ausencia neste mesmo período de toda relación cordial co galeguismo, mesmo co de corte confesional, resulta tamén unha evidencia que obriga a repensar as pautas e tempos da traxectoria do autor de Nimbos. (Laiovento.com)*



**EMILIO XOSÉ ÍNSUA LÓPEZ.**- Doutor en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela e Profesor de Lingua e Literatura no IES A Basella, de Vilanova de Arousa. Fai parte do consello de redacción da revista Cerna, editada por ADEGA. Colaborou con relativa frecuencia cos semanarios Heraldo de Viveiro, La Voz de Ortigueira e A Nosa Terra. Foi socio fundador da Mesa pola Normalización Lingüística, membro do consello da editorial Letras de Cal e participou como poñente en diversos simposios, congresos e xornadas relacionadas coa lingua e a literatura galega.

#### Poesía

- Devalar das esperas, 1995, Espiral Maior.
- Acontece ás veces a temura, 2005, Espiral Maior.

#### Ensaio

- Antón e Ramón Villar Ponte: unha irmandade alén do sangue, 2004, Centro Ramón Piñeiro.
- Sobre O Mariscal de Cabanillas e Villar Ponte, 2005, Universidade da Coruña.
- Antón Villar Ponte e a Academia Galega, 2006, Edicións do Cumio.

- Orixe, peripecia e pertinencia do topónimo San Cibrao (Cervo), 2010, Seminario de Estudos Terra de Viveiro.
- A nosa terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931), 2016, Baía Edicións.

#### Premios

En colaboración con Carlos Nuevo Cal. Obra premiada no XVII Certame Literario Ánxel Fole, no 2003, por O primeiro Villar Ponte: Achegamento ao período de formación do fundador das Irmandades da Fala (1881-1908).

IV Premio de Poesía Prados Ledesma do Concello de Viveiro no 2005, por Acontece ás veces a temura.

XXIII Premio Literario Ánxel Fole no 2009, en coautoría con Carlos Nuevo Cal, por Maruja Mallo: de prometedora pioneira a artista universal. Materiais para unha biografía exacta e completa da pintora viveirense entre 1902 e 1936.



IESCHA

27800 VILALBA (LUGO)

<http://estudoschairesgos.wix.com/iescha>

[estudoschairesgos@gmail.com](mailto:estudoschairesgos@gmail.com)

- Díaz Castro: poeta en formación (1914-1939), 2017, Edicións Laiovento.
- Común temos a patria. Biografía dos irmáns Villar Ponte, 2018, Xerais. Coa coautoría de Xurxo Martínez.

Casa da Cultura - Praza de Suso Gayoso, 1 -

PRESENTACIÓN DO LIBRO DE EMILIO XOSÉ ÍNSUA LÓPEZ "DÍAZ CASTRO: POETA EN FORMACIÓN (1914-1990)" - VENRES, 25 DE MAIO DE 2018-20\_30 HORAS - CASA DA CULTURA DE VILALBA